

## Solucións repaso tema 6

## Ciencias sociais.

- Rochas: forman o terreo en que vivimos e compoñen a forma do relevo.  
• Minerais: son os materiais que compoñen as rochas.
- As rochas poden usarse para construír e como combustible, e os minerais como condimento e na xoiaría.
- O relevo é o conxunto de formas que ten o terreo.
- Arriba, de esquerda a dereita: serra, meseta.  
Abaixo, de esquerda a dereita: chaira, montaña.
- Unha meseta é un terreo chan, pero situado a bastante altura. Unha depresión é un terreo plano que está afundido e rodeado de terreos máis elevados.
- A.** Golfo. **B.** Cabo. **C.** Praia. **D.** Illa. **E.** Península.
- É unha paisaxe transformada, porque nela aparecen elementos artificiais (como os postes de electricidade ou o camiño e a gandaría).
- Exemplo dunha posible resposta: A contaminación, a deforestación ou corta excesiva dos bosques e a abundante construción.
- Unha industria deteriora unha paisaxe porque expulsa fumes daniños ao aire e verte substancias tóxicas aos ríos.
- Por exemplo: reciclaxe do lixo, diminución do consumo de enerxía e de auga, depurado das augas.